



CODIGNOLA, Ernesto e VISALBERGHI, Aldo (2023). *As “escolas novas” e os seus problemas*. Pontevedra: Kalandraka. Biblioteca de Pedagogía; 208 pp. ISBN:978-84-1343-267-0

O principal problema da vida, e polo tanto da educación, é que, en calquera etapa, vivir contribúa ao enriquecemento do significado da existencia
(Codignola e Visalberghi, 2023, p. 53).

A tradución á lingua galega minuciosamente elaborada por parte de Antón Costa Rico desde o orixinal italiano do texto *As “escolas novas” e os seus problemas* no marco da Colección Biblioteca de Pedagogía de Kalandraka, trae á actualidade unha

lectura que, ademais de configurar un fundamental recurso pedagóxico para o profesorado e alumnado das aulas universitarias das facultades de Ciencias da Educación e, igualmente, de grande interese para todas aquelas persoas con inquedanzas vinculadas coa renovación pedagóxica, contribúe a construír pontes entre o movemento das escolas novas de inicios do século XX e as preocupacións máis recentes no ámbito do pensamento pedagóxico, alentando así á reflexión desde o presente.

A Nova Educación, con diferentes denominacións -Éducation nouvelle, New Education, Progressive Education ou Escola Nova-, supuxo unha ruptura con respecto ao modelo educativo imperante a finais do século XIX, traendo consigo unha auténtica revolución pedagóxica. Asentado sobre os novos coñecementos didácticos e psicolóxicos, e como consecuencia do novo clima de interese pola infancia -tal e como puxera de manifesto a pensadora sueca Ellen Key co seu libro *O século dos nenos*- xermolan, en diversos lugares de Europa e América, múltiples ensaios escolares que “a imaxe dos ensaios pestalozzianos e froebelianos procuraban crear un espazo propicio para unha nova educación, distanciada da práctica tradicional dos sistemas ordinarios públicos” (Costa Rico, 2004, p. 850).

Así, alicerzándose nas fontes decimonónicas que emanan da tríada pedagóxica integrada fundamentalmente por Johann Heinrich Pestalozzi, Johann Friedrich Herbart e Friedrich Froebel e, polo tanto, á súa vez, baixo a dobre influencia do criticismo

racionalista kantiano e do naturalismo e empirismo psicolóxico rousseauniano, emerxen escolas como a de Abbotsholme en Inglaterra (considerada a primeira destas escolas, 1889), que Cecil Reddie concibiu como unha escola-internado no campo; ou a de Bedales, na que John Haden Badley amplía a participación do alumnado a través dun “parlamento escolar” dirixido a “concordar a liberdade coa orde”. A partir destes precedentes, créanse diferentes institucións en Alemaña (os Landerziehunsheime de Lietz, Wyneken e Geheeb) e en Francia (a École des Roches de Edmond Demolins). As primeiras experiencias italianas prefíren ser nomeadas como Case dei bambini, como é o caso das pioneiras creadas por Maria Montessori e as que seguen coa implicación das irmás Agazzi, ou a Rinovatta de Milán, fundada no 1911 por Giuseppina Pizzigoni. A elas súmanse centros creados por Dinamarca, Suecia ou Bruxelas, onde Faria de Vasconcelos abre a escola de Bierges (1912). Tamén a Escola del Bosc (1914) dirixida por Rosa Sensat ou a Escola do Mar (1922) de Barcelona, as Escolas comunitarias de Hamburgo (1919), o colexio de Oundle en Inglaterra (1922), a escola de Summerhill dirixida por Alexander

Sutherland Neill (1923), entre outras, poden engadirse a este nutrido elenco.

Teñen en común estas escolas que a acción educativa está dirixida ás necesidades, intereses e motivacións do alumnado, outorgando prioridade ao equilibrio psíquico, ao contacto coa natureza e á apertura á contorna. Favorécese nelas a coeducación e o desenvolvemento tanto da individualización como da socialización, as aprendizaxes vivenciais, a adecuación ao grao de desenvolvemento e ás posibilidades intelectuais do alumnado, e a promoción dos intereses e das actitudes particulares. As crianzas, en grupos de entre dez e quince persoas coa atención dun educador ou educadora, introdúcense no traballo manual, as ocupacións creativas, os xogos e ao deporte. Promóvese así unha educación asentada no respecto, na promoción da autonomía e da liberdade, do espírito de iniciativa, da neutralidade confesional, e da democracia e participación escolar.

Foi John Dewey, máximo representante e teórico das Progressive Schools en Estados Unidos, quen expresa no seu *Experiencia e educación* (1938)¹ que a educación progresiva ou nova implica destacar o rol do educando e dos problemas presentes nunha

¹ Editado tamén pola Biblioteca de Pedagogía de Kalandraka no ano 2020 coa tradución de Manuel F. Vieites e epílogo de Jaime Martínez Bonafé, *Experiencia e educación* (con título orixinal *Experience and Education*) está considerada como a mellor síntese publicada por John Dewey sobre educación. O texto,

escrito vinte e dous anos despois de *Democracia e educación* (1916), evidencia a reformulación das ideas de Dewey, propiciada tanto polas experiencias prácticas levadas a cabo en escolas progresivas como pola reflexión que suscitaron as diversas críticas ás súas formulacións.

sociedade en cambio, fundamentando a aprendizaxe na experiencia. Dewey impulsou, desde 1896 e xunto con Alice Chipman, a “escola laboratorio” vinculada á Universidade de Chicago. Tamén, crea Ovide Decroly a da Uccle no 1901 para nenos de educación especial e, no 1907, a de L’Ermitage. Estas experiencias, teorías e proxectos pedagóxicos propagáronse con intensidade, facendo xurdir múltiples e diferentes escolas, asociacións formadas por profesionais da educación, intercambios e publicacións, ensaios e revistas pedagóxicas como *Pour l’Ére Nouvelle* en Francia, *The New Era* en Inglaterra, *La Nueva Era* publicada en Chile e Arxentina, *Progressive Education* en Estados Unidos e mesmo a *Revista de Pedagogía* que Lorenzo Luzuriaga promovía en España, entre outras.

Coa intencionalidade de coordinar todas estas iniciativas fundouse, en 1899, por iniciativa de Adolphe Ferrière, o Bureau International des Écoles Nouvelles en Xenebra (Suíza), cidade na que Édouard Claparède creou, no 1906, o Seminario de Psicoloxía Pedagóxica e tamén onde logo, no 1912, se configura o Instituto Rousseau. Nel exercen a súa docencia e investigación, entre outros, Claparède, Ferrière e Pierre Bovet, quen no 1918 define como Escola Activa toda aquela escola que considera sempre ao neno como un organismo activo. Tense destacado que a través de diferentes realizacións levadas a cabo marcadas por unha visión funcional global, en ambientes de liberdade e de cooperación, nos que se desenvolvía unha anovada relación entre

mestres e alumnado, foron xurdindo novos contidos de ensino e cambios nos modos de proceder metodolóxicos. A este respecto sinalou Luzuriaga (1980) que o carácter individual do traballo tivo un protagonismo maior inicialmente, como se pon de relevo no método Montessori, se ben foi sucedido por unha orientación de carácter máis colectiva, como a proposta por Decroly ou Winnekta, que se afondaría no caso das técnicas Freinet ou do método de proxectos con Kilpatrick, dando lugar a experiencias de comunidade escolar, mais considerando igualmente a dimensión individualizadora.

Con estes precedentes, o profesor, pedagogo italiano e filósofo de orientación idealista Ernesto Codignola, redacta o texto *As escolas novas e os seus problemas* en primeira edición de 1946, enriquecido posteriormente no 1962 por parte do pedagogo e académico socialista Aldo Visalberghi e reeditado novamente no 1970. Codignola, doutorado en filosofía en Pisa no 1910 tras terse dedicado á docencia en centros de ensinanza secundaria, exercera como profesor universitario en Pedagogía e, xa dende os anos vinte, como catedrático de Pedagogía do Instituto superiori di Magistero di Firenze. De orientación idealista, implicado nos debates e iniciativas para a innovación nos centros educativos, chegou a colaborar con Giovanni Gentile -malia non compartir visións ideolóxicas e filosóficas- no momento inicial da Reforma da escola de 1923 e distanciándose logo. Alén de fundar e dirixir revistas escolares, pedagóxicas e culturais como *Levana*

(1922- 1928), *La Nuova Scuola Italiana* (1923-1938), *Civiltà Moderna* (1929-1943) ou *Scuola e Città* (que dirixiu desde 1950 e ata o seu falecemento, facendo dela un voceiro contra a política escolar democristiá, conservadora, clasista e antilaicista), puxo en marcha e estivo á fronte, desde 1944, da Scuola-Città Pestalozzi de Florencia, inspirada en principios educativos de activismo, cooperación democrática e autogoberno.

O ensaio *As escolas novas e os seus problemas*, seleccionado entre as diversas achegas e fontes que abordan a Nova Educación, supón unha valiosa lectura para enriquecer a comprensión histórica da renovación pedagóxica contemporánea. Abre o libro unha completa *Nota de presentación*, elaborada por Antón Costa, na que se efectúa un percorrido polo nacemento durante a última década do século XIX das consideradas a si mesmas *news schools* ou *écoles nouvelles*, perfilando as definicións conceptuais do propio movemento, as súas achegas pedagóxicas, e mesmo certas consideracións arredor do propio texto traducido. Preséntanse logo a *Introdución á primeira edición* (1946), na que Codignola expresa a súa vontade didáctica coa elaboración do texto, e a *Introdución á terceira edición* (1962), na que o autor pon de relevo o interese de

ampliar e enriquecer o material anterior. A obra estrutúrase en dous grandes capítulos: I. *As “Escolas Novas” e os seus problemas*, autoría de Codignola, e II. *Unha nova fase da evolución educativa*, escrita por Visalberghi².

No capítulo I. *As “Escolas Novas” e os seus problemas*, desenvólvese un percorrido de carácter histórico polo xurdimento das “escolas novas” inglesas; a École des Roches en Francia e Demolins; as “casas de educación no campo” alemás; a “escola do traballo” de Kerchensteiner; as influencias de Cousinet, Profit ou Freinet en Francia; as achegas de Dewey, Kilpatrick, Patri, Washburne e Dalton en América do Norte; a educación “dos discapacitados” e os métodos activos Montessori, as propostas de Decroly; as iniciativas desenvoltas en Italia por parte de Lombardo-Radice, as irmás Agazzi e a propia Scuola-Città Pestalozzi de Florencia; así como os avances de Ferrière ou a fundación por parte de Baden-Powell do scoutismo en Suíza.

Xa no capítulo II. *Unha nova fase da evolución educativa*, Aldo Visalberghi amplía o texto anterior de Codignola con reflexións arredor do valor social das solucións activistas, e achegas relacionadas co plan de Iena, a obra de Robert Dottrens, os

² A respecto da autoría de Visalberghi recóllese no libro o seguinte: “Escribe Codignola que ‘con ocasión da reedición (en 1962) deste afortunado texto, o profesor Aldo Visalberghi aceptou a invitación de elaborar as presentes páxinas coa

integración e actualización do ensaio publicado por Codignola en 1946 d logo revisado. O autor e o editor exprésanlle ao profesor Visalberghi a súa gratitude por esta benvinda colaboración” (Codignola e Visalberghi, 2023, p. 123).

desenvolvementos da educación progresista nos Estados Unidos de América, as propostas de Makarenko, as reflexións de Gandhi e o plan de Wardha e, aínda, a renovación educativa na Italia actual. Pecha o libro un anexo conceptual e informativo ordenado alfabeticamente, un necesario epílogo final de Antón Costa, onde se amplían as achegas do texto e se introducen interesantes reflexións, e a relación de referencias bibliográficas manexadas.

Harmonizada na accesibilidade que posibilita a tradución á nosa lingua, xunto coas notas e aclaracións conceptuais da edición, a obra tórnase unha xanela aberta á comprensión das achegas de Codignola no marco da Escola Nova europea e da evolución da renovación pedagóxica que se abre tras o fascismo en Italia, alén da riqueza informativa e argumentativa que proporciona arredor das transformacións pedagóxicas do século XX en Europa e América do Norte, particularmente.

Os textos asinados polos nomes da renovación pedagóxica do século XX, teñen un extraordinario valor para (re)pensar a educación e a escola de hoxe en día, tanto polo feito de que algúns dos problemas cos que xa se atopaban na época teñen hoxe vixencia, como pola evidencia de que as teorías de entón continúan a reforzarse co tempo neste camiñar da renovación pedagóxica. *As “escolas novas” e os seus problemas*, continúan a ser problemáticas e inquedanzas das nosas escolas e das que están por vir e, polo tanto, albo de fundamental reflexión e

intervención das administracións públicas, dos movementos de renovación pedagóxica -é do caso sinalar o MRP galego, Nova Escola Galega-, dos voceiros educativos -entre os que convén aludir á *Revista Galega de Educación*- e, en definitiva, de todas as persoas ligadas ao eido educativo con vontade de camiñar cara un horizonte máis plural, renovado, democrático, solidario e xusto.

O mellor da herdanza das “escolas novas” achéganos un patrimonio de liberdade, de cooperación e de irmandade

para este labor de construción social

(Costa Rico, en Codignola e Visalberghi, 2023, p. 197).

Referencias bibliográficas

Codignola, Ernesto e Visalberghi, Aldo (2023). *As “escolas novas” e os seus problemas*. Tradución de Antón Costa Rico. Pontevedra: Kalandraka. Biblioteca de Pedagogía.

Costa Rico, Antón (2004). *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo: Xerais.

Dewey, John (2020). *Experiencia e educación*. Tradución de Manuel F. Vieites. Pontevedra: Kalandraka. Biblioteca de Pedagogía.

Luzuriaga, L. (1980). *Historia de la educación y de la pedagogía*. Bos Aires: Losada.

Uxía BOLAÑO AMIGO

Universidade de Santiago de Compostela